

DOMINGO, 17 DE FEBREIRO

VALDOVIÑO: AVES MARIÑAS E DE HUMIDAL, SEDENTARIAS E MIGRATORIAS

**ROTEIROS
ADEGA LUGO
2018 - 2019**

FAUNA D'AQUÍ

Viaxaremos ata a Costa Ártabra para coñecer de preto os valores ambientais, arqueolóxicos, históricos e paisaxísticos da zona de Valdoviño. Destaca a lagoa costeira da Frouxeira, un humidal de gran relevancia para as aves, onde viven de xeito permanente, durante a invernada ou nun descanso do seu paso migratorio. A pesar de estar recoñecida por seis figuras de protección, os danos causados pola intervención humana nas últimas décadas (extracción de area, obras na crise do Prestige e apertura mecánica da lagoa) afectan gravemente á súa dinámica natural, feito denunciado por ADEGA en reiteradas ocasións.

Comezaremos no faro de Meirás, gozando de impresionantes cantís, escenario da película "A morte e a doncela". Camiñaremos pola zona de mato da Punta Frouxeira e baixaremos ata a praia para ver a zona de dunas e a desembocadura do río Magno. Achegarémonos á lagoa pola súa parte noroeste e seguiremos pola praia da Frouxeira ata o Castro da Saíña. Continuaremos ata o observatorio de aves de Lago e remataremos o percorrido no aparcadoiro.

Lonxitude: 8 km.

Dificultade: media.

Colabora: Sociedade Galega de Historia Natural.



Reserva praza: Web: <https://roteirosadegalugo.wordpress.com>
Teléfonos: 982.240.299 / 670.260.440

Saída: Avenida de Ramón Ferreiro (Fac. Formación do Profesorado) ás 9:00h.

Prezos: Xeral 18€ / Socios-socias 12€ / Estudantes ou en paro 15€ / Ata 14 anos 5€.
O pago deberá efectuarse con antelación e por transferencia bancaria.

Os roteiros son de xornada completa.

Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s.

As prazas asignaranse por orde de inscrición, antes do venres, 15 de febreiro.

PRÓXIMOS ROTEIROS



+info:
<http://roteirosadegalugo.wordpress.com>
ou
<http://adega.gal>

